

**NORMATIVA DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES
EN TITULACIÓN OFICIAIS DE GRAO**
(Acordo do Consello de Goberno do 20 de abril de 2009)

Motivación

A Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, reformada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, establece, no seu artigo 46.2.i, o dereito do estudantado a “[o]btener reconocimiento académico por su participación en actividades universitarias culturales, deportivas, de representación estudiantil, solidarias y de cooperación.”

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

O Consello de Goberno, na súa sesión de 23 de xullo de 2008, aprobou a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

O procedemento de transferencia e recoñecemento de créditos para o curso 2008-2009 está regulado por resolución da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea de 15 de setembro de 2008. No seu artigo 2º, apartado (d) especifica que a participación “en actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación” ten que ser certificada polo órgano competente “de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente”.

En definitiva, cómpre, pois, regular as actividades concretas obxecto do recoñecemento, así como establecer o procedemento que regule ditas actividades. Este é o obxecto desta normativa. Como norma xeral o número máximo de créditos ECTS que se poden recoñecer é de seis créditos optativos do plano de estudos de grao. En todo caso, con independencia do número de actividades desenvolvidas, todas elas estarán recollidas no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título.

Capítulo I: actividades que serán obxecto de recoñecemento de créditos ao amparo do artigo 46.2.i da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades

Artigo 1. Consideración previas

Deberase garantir a non discriminación entre mulleres e homes.

Non se poderán recoñecer máis de tres créditos ECTS por curso académico en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación ou de cooperación e solidariedade.

Só se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que a persoa solicitante estea matriculada na Universidade de Vigo, salvo situacións excepcionais motivadas por traslado de expediente doutra universidade.

Artigo 2. Actividades obxecto de recoñecemento

2.1. Actividades deportivas: serán obxecto de recoñecemento aquelas actividades deportivas universitarias que, a proposta do Servizo de Deportes, aprobe a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes. As actividades deportivas que sexan obxecto de recoñecemento deberán ser certificadas pola vicerreitoría competente co visto e praxe do xefe ou xefa de servizo de extensión universitaria ou persoa que teña estas atribucións.

2.2. Actividades culturais: serán obxecto de recoñecemento aquelas actividades culturais universitarias que aprobe a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes, ben a proposta das vicerreitorías que teñan atribucións en materia de cultura, ben a través de convenios de colaboración que asine a Universidade de Vigo con institucións ou entidades de ámbito cultural sen ánimo de lucro. Nos casos de convenio de colaboración para unha actividade cultural que poida suscitar recoñecemento de créditos, xunto coa descrición da mesma deberá especificarse a proposta de número de créditos ECTS susceptibles de ser recoñecidos. Así mesmo, as asociacións ou grupos estudiantís poderán promover a organización de actividades culturais. Os labores de planificación e organización, así como tamén a asistencia a ditas actividades, debidamente acreditadas, poderán ser susceptibles de recoñecemento académico, previo acordo da comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes. As actividades culturais que sexan obxecto de recoñecemento deberán ser acreditadas pola vicerreitoría que teña competencias en cultura.

2.3. Actividades de representación estudiantil: será obxecto de recoñecemento académico a representación estudiantil en órganos colexiados ou de representación da Universidade de Vigo que estean recoñecidos no Estatuto do Estudante Universitario e nos Estatutos da Universidade de Vigo, ou ben nas súas comisións delegadas, mediante a oportuna certificación asinada polo secretario ou secretaria do órgano colexiado en cuestión.

2.4. Actividades solidarias e de cooperación: serán obxecto de recoñecemento académico as accións formativas que se desenvolvan na Universidade de Vigo e que teñan como obxecto a solidariedade e a cooperación. Corresponde á comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes o acordo sobre as actividades e as condicións do recoñecemento académico en créditos ECTS. Requírese a acreditación do desenvolvemento da actividade formativa solidaria ou de cooperación pola vicerreitoría competente, co visto e praxe do xefe ou xefa de servizo de extensión universitaria ou persoa que teña estas atribucións.

As actividades concretas obxecto de recoñecemento, así como a súa equivalencia en créditos ECTS atópanse recollidas no anexo desta normativa. O contido deste anexo poderase modificar por acordo da comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

Capítulo II: procedemento

Artigo 3. Os créditos ECTS recoñecidos incorporaranse ao expediente do ou da estudante e ao Suplemento Europeo ao Título unha vez recibida na administración do centro a acreditación procedente do órgano, servizo ou vicerreitoría competente.

Disposición Final:

Facúltase ao vicerreitor ou vicerreitora con competencias en Organización Académica para elaborar as normas complementarias que desenvolvan o presente acordo.

ANEXO

Recoñeceranse créditos ECTS ao abeiro do artigo 46.2.i da LOU polas seguintes actividades e equiparación:

1) Actividades deportivas:

Escolas e programas deportivos: recoñecerase 1 ECTS por cada 30 horas.
Requírese informe previo do Servizo de Deportes.

2) Actividades culturais:

a) Pertenza ao Coro Universitario ou ao Coro Universitario do campus de Ourense: 2 ECTS por curso académico. Requirirase acreditar a asistencia a, como mínimo, ao 80% dos ensaios e ao 60% das actuacións.

b) Participación na organización de actividades culturais, sempre que se acredite unha asistencia regular ás sesións de planificación e desenvolvemento: 1 ECTS por cada 30 horas.

c) Asistencia a obradoiros e cursos de extensión universitaria: 1 ECTS por cada 30 horas, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións.

3) Actividades de representación estudantil

1'5 créditos ECTS por curso académico, sempre que se teña asistido, cando menos, ao 75% das sesións convocadas.

4) Actividades solidarias e de cooperación

1 ECTS por cada 30 horas de formación en temas de solidariedade ou cooperación.

As 30 horas a que se fai referencia nos apartados 1, 2 e 4 poderán sumarse dentro dun máximo de 3 actividades diferentes, cun mínimo de 5 horas por actividade computable.

